

Mapa de espazos pesqueiros (rexións e caladoiros)

Gráficos e mapas sobre produción pesqueira e poboación ocupada neste sector



España é unha potencia pesqueira de segundo nivel no mundo, pero é a máis importante da Unión Europea e a segunda do continente tras Noruega. Ten unha frota de 13.300 buques onde traballan unhas 60.000 persoas, e ao ano efectúa unhas capturas de 758.000 toneladas, equivalentes a uns ingresos de 1.600 millóns de euros.

Mantívose unha antiga tradición pesqueira en boa parte do litoral, o que se relaciona cun elevado consumo de peixe (38 kg por persoa e ano), moi por riba da media europea e só inferior á do Xapón, Noruega e Portugal.

Para cubrir esa demanda de peixe que existe en España, os recursos da plataforma continental próxima ás nosas costas son insuficientes, polo que boa parte da frota faena en caladoiros afastados e, como complemento, un 30% do consumo corresponde a importados.

O 90% das capturas corresponden a peixes, que supoñen o 80% do valor total da pesca desembarcada, destacando a crecente importancia do peixe conxelado en mar aberto, que xa constitúe máis dunha cuarta parte do total. As especies máis capturadas foron atún, bonito, bacallau e pescada (un terzo do total), xunto á sardiña, arenque e anchoa.

O restante 10% das capturas correspondeu a crustáceos e moluscos, aínda que o seu valor de venda ascendeu ao 20% do desembarcado.

Non obstante, a pesca é unha actividade en declive desde hai tempo, tanto polo número de mariñeiros, coma polo número de capturas ou de barcos. Algúns dos principais problemas do sector pesqueiro español son o carácter artesanal de boa parte da frota de baixura, a excesiva antigüidade dos buques, o envellecemento da poboación ocupada na pesca, o progresivo esgotamento dos caladoiros nacionais e a contaminación dalgunhas augas, as crecentes restriccións de pesca nas augas de numerosos países o que deu lugar a conflitos con Marrocos, Mauritania, Canadá...

Todo isto obrigou a establecer políticas de apoio á actividade (que hoxe dependen na súa maior parte da Política Pesqueira Comunitaria (PPC) existente desde 1983) e a fomentar o

desenvolvemento da acuicultura, que resulta un complemento á pesca tradicional, afectada por dificultades crecentes, polo que hoxe é obxecto de axudas para potenciar o seu desenvolvemento.

A acuicultura é o cultivo de peixes, moluscos e crustáceos en piscifactorías ou bateas flotantes. Coñeceu un rápido crecemento nas dúas últimas décadas, ata producir hoxe máis de 360.000 toneladas anuais, que supera nun 80% a produción obtida en 1990.

As principais especies de peixes son a dourada, rodaballo e robaliza, no caso da acuicultura mariña, xunto á troita na acuicultura continental. Pero o volume de produción máis alto corresponde ao cultivo de mexillón nas rías galegas.

As principais rexións produtoras correspóndense coas de maior actividade pesqueira, con Galicia (Rías Baixas, sobre todo), Andalucía (golfo de Cádiz e marismas do Guadalquivir) e Canarias á cabeza, aínda que as piscifactorías tamén se estenden polo litoral mediterráneo.

A actividade pesqueira organízase, principalmente, en dous tipos de espazos, os caladoiros onde se realizan as capturas e os portos onde estas se desembarcan e, en ocasións, se transforman. Os portos onde están matriculados onde están matriculados o 75% dos barcos pesqueiros son os de Galicia (50%), País Vasco, Canarias e Andalucía, que son as rexións de longa tradición pesqueira. Nos grandes portos xorden a miúdo outras actividades relacionadas como a industria conserveira, os estaleiros para reparación de buques, fábricas de xeo, de redes e artes de pesca, etc.

En relación cos caladoiros ou áreas de captura, hai unha distinción básica:

- a maior parte da frota está composta por barcos de pequeno tamaño, que se dedican á pesca de baixura nas augas do mar territorial (12 millas desde a costa) próximas a costa. O espazo pesqueiro español, ou Caladoiro Nacional, esténdese desde a costa ata as 200 millas náuticas, que delimitan a Zona Económica Exclusiva (ZEE). Atópase organizado en oito rexións: noroeste, cantábrica, tramontana, levantina, surmediterránea, suratlántica, balear e canaria.
- hai 550 grandes buques que se dedican á pesca de altura, faenando en augas comunitarias do Atlántico norte, ou en augas situadas na zona económica exclusiva (entre 12 e 200 millas) doutros países, pero que obteñen a metade de todas as capturas.

A frota española debeu ampliar as súas áreas de actuación e os caladoiros onde pesca, ante o esgotamento progresivo dos máis próximos ás súas costas e o aumento da demanda de peixe e marisco. Iso obrigou ao goberno a negociar acordos de colaboración cos países que integran esas augas dentro da súa zona económica exclusiva, competencia que agora corresponde á Unión Europea.

Os principais caladoiros para a frota española están no Atlántico norte, tanto en augas comunitarias (Gran Sol, Irlanda, Escocia e golfo de Biscaya) coma nas proximidades da península da Terra Nova, en Canadá (bacallau e fletán). Pero tamén faena nas proximidades do Sáhara occidental, Mauritania e Senegal, estendéndose cara ao Atlántico sur (Angola, Namibia, Malvinas, etc.). Nas augas de corrente fría que discorre polas costas orientais de Canarias, o chamado Banco Sahariano, os barcos españois teñen frecuentes conflitos con países africanos limítrofes, polo que se precisa chegar a acordos.

Estas dificultades e a crecente competencia doutras froas, obrigou nos últimos anos a que certos buques conxeladores operen agora incluso no océano Índico (Mozambique, Somalia, illas Seicheles), aumentando os custos e riscos do seu traballo, así como en augas do Atlántico de América Latina.